BOPPO | BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Deputación Pontevedra

Xoves, 25 de xuño de 2015 | Nº 120

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

DETERMINACIÓN DO NÚMERO E RÉXIME DOS POSTOS PERSOAL EVENTUAL

ASUNTO:ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL POLA QUE SE DETERMINAN O NÚMERO E RÉXIME DOS POSTOS DE PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 13/06/2015, adoptou o seguinte acordo:

"(...) PRIMEIRO.—Unha vez constituída a nova Corporación municipal, aprobar o número de postos reservados a persoal eventual neste Concello de Pontevedra, nos mesmos termos, réxime e retribucións que actualmente se atopan recollidos na vixente relación de postos de traballo para o ano 2015 (aprobada por esta Xunta de Goberno Local con efectos do día 19/05/2015):

0. AREA DE PRESIDENCIA E SERVIZOS XERAIS													
CDG	DENOMINACIÓN POSTO	DOT	VIN.	NIVEL C.D.	COMPL. ESPECF.	TP	FP	GR.	ES	CP SBE CL	TITULACIÓN ACADÉMICA	FORMACIÓN ESPECÍFICA	ST
0001	TECNICO DE COMUNICACION	1	EVEN			E	LD	A1	RET. ANUAL ASIMILADA TÉC. NIVEL 25				
0002	XEFE NEG. GRUPO MUNICIPAL	3	EVEN			E	LD	C1	RET. ANUAL ASIMILADA XEFE NEG.				
0003	TÉCNICO DE RELACIÓNS COS MEDIOS	1	EVEN			E	LD	A1	RET. ANUAL ASIMILADA A TEC. NIVEL 25				
0004	COORDINADOR ÁREA DA ALCALDÍA	1	EVEN			E	LD	A1	RET. ANUAL ASIMILADA A TEC. NIVEL 25				

0.1 GABINETE DA ALCALDÍA													
CDG	DENOMINACIÓN POSTO	DOT	VIN.	NIVEL C.D.	COMPL. ESPECF.	TP	FP	GR.	ES	CP SBE CL	TITULACIÓN ACADÉMICA	FORMACIÓN ESPECÍFICA	ST
0102	TÉCNICO REL. PUB. E PROTOCOLO	1	EVEN			E	LD	A1	RET. ANUAL ASIMILADA XEFE SERVIZO				

Código seguro de verificación: QUAGHLP3MK3FINQW

Estes postos de traballo recóllense, así mesmo, no cadro de persoal anexo ao Orzamento municipal aprobado para o ano 2015 e publicado no BOP núm. 24 do 05/02/2015.

Finalmente, estes postos terán asignadas as mesmas funcións que se determinaron nos respectivos acordos de creación de posto de persoal eventual.

SEGUNDO.—Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do artigo 104 bis, apartado 5 da LBRL. (...)"

Contra o precedente decreto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 161.1 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira, ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Pontevedra, 15 de xuño de 2015.—O alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores.

Código seguro de verificación: QUAGHLP3MK3FINQW